



OUTONO

*Follas secas que leva
taciturno o vento,
na lentura da terra
xermola
o cogomelo
e a dourada castaña
pendura da alta
rama.*

*Así chega o outono,
ese ancián silencioso,
que ensombrece,
con lentitude, o mundo.*

SANTIAGO FREIRE - MARTINGADAS








*A bruxa curuxa,
nariz afiado,
non toma churrasco,
nin toma verdura.*

*A bruxa curuxa
prepara un feitizo
con sapos e grilos,
con serpes e viño.*

*A bruxa curuxa
caíronlle os dentes,
por este menú,
tan pouco corrente*

GLORIA SÁNCHEZ





*Noite infernal,
negra e fantasmal.*

*Noite meiga,
cunha lúa de manteiga.*

*De bruxas e pecadores
que buscan os seus amores.*

*Aparece o sacaúntos
arranxando os seus asuntos.*

*Unha pantasma
que padece asma.*

*E o señor Belcebú
acendendo un calacú*



Cando a noite ofrecía desamparos,

non te puiden ver!

Cando a noite murchaba as miñas rosas,

non te puiden ver!

Cando os ventos durmiñaban arroubados,

non te puiden ver!

Cando as tebras semellaban rumorosas,

non te puiden ver!

Ai, meu ben, moito querer


e nin te puiden ver!

ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO

UN VAMPIRO MOI ATREVIDO

*Noite de lúa, de vento
e de ennegrecidas nubes.
Sobre a cuiña un castelo,
sinistro, escuro, reloce
baixo o resplandor dos lóstregos.
A chuvia con acedume
empapa o opaco horizonte.
Renxe a porta con queixume,
e nunha sala sombría
aparece un ataúde,
e tras levantar a tapa,
con extrema lentitude,
érguese dentro un vampiro
-goza de boa saúde-,
que me regaña os seus dentes
nunha feroz actitude
de querer chucharme o sangue.
Trémenme as pernas. Conclúe
esta historia mentres corro
por un corredor de fume.*

SANTIAGO FREIRE - MARTINGADAS





VI. ◉ ORÁCULO ASEITORIUS

Ao mediodía chegaron ao pé dunha torre escangallada e ascenderon por ela ata ir dar ao sobrado dunha cabana. Alí o profesor Aseitorius durmía apoiado nunha varanda. Aínda que o seu aspecto podía facer pensar o contrario, o oráculo non era un pánico, senón un home que desexaba vivir lonxe do resto dos homes. Aseitorius gabábase de estar sempre vixilante, atento a todo canto puidese orientalo no saber e nos misterios do Bosque dos Corazóns Murchos. Pero a verdade é que a rutina e a idade tíñano máis tempo botando sonecas que dedicado á observación.

-Outra vez “aseitando”? –chanceouse Fastío zarandeando ao vello.

-Eh... ah... quen...? –mediodurmido, e irritado ao verse sorprendido daquela maneira, Aseitorius non era quen de explicarse–. Resulta que onte á noite naceu un pánico! –dixo cunha peculiar entoación debida aos anos de vida senlleira–. Pasei longas horas ocupado en descubrir se era espanto ou medo, que tan parecidos son.

-Cálmate, sabio oráculo, que non vin amolarte, senón facerche unha consulta –dixo o rapaz para apouvirar aquel homiño estafalarario–. Xa saberás ti, que sempre estás atento a todo, que os pánicos nos propuxemos coñecer “o país do sono”. A señora Bladís cantounos un fermoso cantar de berce por ver se servía para tal fin, mais os meus compañeiros, en troques de adormeceren, alborotáronse aínda máis. Dime, Aseitorius, se hai algunha maldición que nos impida durmir.

O vello, rebuscando no faiado da súa memoria oxidada e aínda espesa polo sono, rañou o queixo ao tempo que entraba preguizosamente na cabana, seguido polos rapaces.

JACK MIRCALA -

PÁNICO NO BOSQUE DOS CORAZÓNS MURCHOS



PANTASMAS NA CASA

*Un día, sen aviso,
aparece no teu espello,
ou dentro do armario
e non sabes a quen pedir consello.*

*Oes como arrastra
as súas cadeas da cocina ó salón,
como brúa no faiado,
como con terror.*

*Apodérase do teu cuarto
e deambula polo corredor...
e os teus pais non se decatan
porque dormen coma leiróns.*

*Se isto che sucede a ti
non te preocupes, é así
porque a pantasma se aburre:
só quere ser a túa amiga
para non se sentir perdida.*

**SANTIAGO FREIRE -
MARTINGADAS**





As castañas do magosto

Fáiseme a boca auga.

Doce castaña,
que rica estás asada.

Pouco a pouco
quitareiche a casca.

Quente renxas entre dentes.

Ai, castaña,
xa noto no meu padal
o teu sabor outonal!

**SANTIAGO FREIRE -
MARTINGADAS**

